

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/21	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	02 de xuño de 2025
Duración	Dende as 13:30 ata as 13:42 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-0467)

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 909/2025. Contratacións. MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Silleda

Vista a Resolución de concesión de subvención concedida para a execución da obra denominada MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA ao abeiro da RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA por importe de 119.156,92 € euros (IVA INCLUÍDO)

Visto o Informe emitido polo técnico municipal sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística

Autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- *Consellería de Medio Rural*
- *Aguas de Galicia*

Visto o informe sobre estabilidade, seguridade ou estanqueidade do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP, emitido polo técnico municipal no que se manifesta que as obras contidas no proxecto non afectan a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto: MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA por importe de 119.156,92€ euros (IVA INCLUIDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Segundo.- Iniciar ao expediente de contratación da obra MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN O CARBALLO-LAXE-FORCAS, SILLEDA por importe de 119.156,92€ euros (IVE ENGADIDO), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

Terceiro.- Proceder a efectuar o replanteo do Proxecto para a súa incorporación ao expediente de contratación.

Expediente 724/2025. Subvencións Solicitadas a Outra Administración. Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda, relativa á actuación financiada ao abeiro do Programa PON2030.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que na data do 23/06/2023, o Pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra aprobou a concesión dunha subvención ao Concello de Silleda para a execución da actuación denominada “Mellora da mobilidade peonil e rexeneración urbana da Avenida Recinto Feiral e da rúa Arturo Pérez Lázara”, no marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – PON2030.

Visto que en data 19/12/2023, asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións, establecendo un prazo de execución das actuacións ata o 30 de abril de 2025 e un prazo máximo de xustificación ata o 30 de setembro de 2025.

Visto que mediante acordo núm. 8.8353 do Pleno da Deputación Provincial do 28/02/2025, prorrogase o prazo de execución das actuacións ata o 31 de marzo de 2026 e o prazo de xustificación ata o 31 de agosto de 2026.

Visto que como consecuencia, as partes asinantes acordan formalizar unha Addenda ao convenio orixinal, co obxecto de adaptar os prazos aos novos termos establecidos.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda, relativa á actuación financiada ao abeiro do Programa PON2030, coa modificación dos prazos de execución e xustificación.

SEGUNDO. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais correspondentes e á Deputación de Pontevedra para os efectos oportunos.

TERCEIRO. Incorporar como **ANEXO I** o texto íntegro da Addenda ao convenio.

“ANEXO I

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REXENERACIÓN URBANA DA AVENIDA RECINTO FEIRAL E DA RÚA ARTURO PÉREZ LÁZARA”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D^a. Paula María Fernández Pena, quen actúa no nome e na representación do Concello de Silleda, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos CuadrActúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Na data 23/06/2023 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo núm. 4.8011 polo que se aprobou a concesión dunha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Silleda, con destino á execución da actuación denominada “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REXENERACIÓN URBANA DA AVENIDA RECINTO FEIRAL E DA RÚA ARTURO PÉREZ LÁZARA”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.

II. De acordo co previsto na base reguladora 7^a.2.h) do Programa PON2030, o día 19/12/2023 asinouse o correspondente convenio de colaboración entre as dúas administracións. O dito convenio tiña por obxecto definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.

III. A cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, establece o seguinte:

“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2025. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2025.”

IV. Mediante o acordo núm. 8.8353 do Pleno provincial do 28/02/2025 prorrógase o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa PON2030 ata o 31/03/2026 e o prazo de xustificación dos ditos investimentos ata o 31/08/2026.

V. Por todo o exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha addenda, para adaptar o texto do convenio asinado ás novas condicións establecidas no antedito acordo plenario, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. VIXENCIA

As partes acordan modificar a cláusula Décima primeira do convenio, relativa á vixencia, e quedando redactada do seguinte xeito:

“O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 31 de marzo de 2026. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 31 de agosto de 2026.”

SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO

En todo o demais permanecerá invariable o contido do texto do convenio asinado, así como o das anteriores addendas, no caso de existir estas, suxeitándose as partes ás súas cláusulas.

E, como proba de confirmidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

*O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Luis López Diéguez
A alcaldesa-presidenta do Concello de Silleda, D^a. Paula María Fernández Pena
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay”*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE